

Expediente núm.: 52/2021

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da Acta do Tribunal de selección para a contratación de persoal técnico como persoal laboral temporal para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral durante 12 meses, ao abeiro da Subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de accións de orientación laboral, presentado por este Concello ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade (TR331A).

De conformidade co artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e o artigo 33 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo,

### RESOLVO

**PRIMEIRO.** Aprobar a relación de candidatos baremados, segundo consta na Acta do Tribunal que se transcribe na súa literalidade:

**“ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN PARA A  
CONTRATACIÓN TEMPORAL DE UNHA PERSOA COMO PERSOAL  
LABORAL DO CONCELLO DE VIANA DO BOLO, AO ABEIRO DA  
SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E  
IGUALDADE EN BASE Á ORDE DO 23/12/2020.**

Sendo as 14:30 horas do día 8 de outubro de 2021, reúnense baixo a Presidencia de M<sup>a</sup> Dolores Barba Seoane, os integrantes do tribunal de selección que se constitúe para cubrir na modalidade de contrato laboral temporal a tempo completo, durante 12 meses de unha persoa como persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2021 ao abeiro da concesión de subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade, que resulta o seguinte:

- Presidenta: M<sup>a</sup> Dolores Barba Seoane

---

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



- Secretaria: Manuela Juana Conde Fernández
- Vogais: primeiro vogal M<sup>a</sup> Isabel González Domínguez e segundo vogal Sara Feijoo Primo e terceiro vogal Isabel Blanco Yáñez.

Expirado o prazo de presentación de instancias para a admisión dos candidatos interesados en formar parte do proceso de selección e que foron remitidos pola Oficina de Emprego de Viana do Bolo, mediante oferta presentada co número 12-2021-9803, e unha candidata máis que presenta a súa solicitude de participación a través do rexistro da sede electrónica do Concello, co número de rexistro 2021-E-RE-286, en virtude do artigo 20 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado, e o artigo 31.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, apróbanse as solicitudes das candidatas presentadas ao proceso selectivo, procedéndose á valoración dos méritos alegados e propondo a contratación da candidata Dna. Ana Rosa Vieira Álvarez, que acadou unha puntuación total de 8,25 puntos.

## ANEXO


### PUNTUACIÓNS DAS CANDIDATAS:

NOME E APELIDOS	DNI	FORMACIÓN ESPECÍFICA O.L. (máx. 3,5 pts)	EXPERIENCIA PROFESIONAL (máx. 3,5 pts)	COÑECEMENTOS OFIMÁTICOS (máx. 1 pto)	CELGA 4 OU EQUIVALENTE (0,25 pts)	DISCAPACIDADE (1pto)	PUNTUACIÓN TOTAL
ANA ROSA VIEIRA ÁLVAREZ	3494* ***Y	3,5	3,5	1	0,25	0	8,25
MARISOL MARTÍNEZ SOBRINO	7673* ***T	3.5	0	1	2,25	0	4.75
MARIA ÁNGELES SALGADO GÓMEZ	3498* ***C	1	0	0,8	0,25	0	2,05
EVA GARCÍA FERNÁNDEZ	4447* ***P	0	0	0,9	0,25	0	1,15

**SEGUNDO.** Aprobar a contratación de Dna. Ana Rosa Vieira Álvarez, como

**Concello de Viana do Bolo**

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:



Orientadora Laboral do Servizo de Orientación Laboral.

**TERCEIRO. Dispor as cantidades ás que ascenden a retribucións** da nomeada, por un total de 30.342,00€, que supoñen as retribucións anuais incluíndo o custo correspondente aos seguros sociais.

**CUARTO.** Notificar a presente resolución á candidata seleccionada, comunicándolle que deberá formalizar o contrato de traballo, nun prazo máximo de 10 días naturais desde a súa notificación, na modalidade regulada polo artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

Do mesmo xeito, comunicáraselle que **a súa incorporación ao posto de traballo será con data 14/10/2021.**

Así mesmo, informáraselle achega do tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.

**QUINTO.** Comunicar ao Rexistro de Persoal, aos efectos oportunos.

**SEXTO.** Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

**SÉTIMO.** Informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

**OITAVO.** Dar conta da presente Resolución á Intervención e Tesouraría ós efectos oportunos.

**NOVENO.** Dar conta da presente Resolución ó Pleno da Corporación na vindeira sesión que celebre.

Viana do Bolo, a 8 de outubro de 2021

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso

Perante min: A Secretaria interina

Manuela Juana Conde Fernández

Asinado dixitalmente á marxe